



04-10-2012 |

## As V xornadas de Literatura de Tradición Oral terán como protagonistas os Mouros



O salón de actos do Pazo de San Marcos acollerá, os días 19 e 20 de outubro, as V Xornadas de Literatura de Tradición Oral, organizadas pola Asociación de escritores en lingua galega e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, en colaboración coa área de Cultura da Deputación de Lugo. Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular é o lema baixo o que se presenta esta nova edición destas xornadas, que están dirixidas ao profesorado e futuros ensinantes do ensino non universitario.

O delegado de Cultura e Turismo do ente provincial, que tomou parte no acto de presentación, explicou que “estas xornadas cumpren cun cometido importantísimo, xa que son un elemento enormemente útil de cara a manter vivo o noso patrimonio cultural inmaterial: non en van, as actas das xornadas edítanse xunto con material audiovisual para poder ser empregadas con fins didácticos”.

“Desde a Vicepresidencia da Deputación de Lugo queremos dar as grazas á organización da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega xunto coa AS-PG, por crear en Lugo durante dous días un encontro para reflexionar sobre un aspecto ou tema particular da tradición oral, de maneira que os e as lucenses teñan a oportunidade de afondar nun elemento clave da nosa identidade cultural, como a mitoloxía popular, neste caso unha figura mítica presente en todo o noso rural, como son os mouros e as mouras”, apuntou Mario Outeiro.

Expertos da talla de Rafael Quintía, Alexandre Parafita, Mar Linares ou Jesús Suárez, impartirán distintas conferencias sobre este tema, coas súas correspondentes táboas redondas e cun seminario de conclusións final, unha sesión práctica na que, mediante o diálogo, a intervención e participación de relatores e raladoras, asistentes e organizadores, se porán en común os coñecementos adquiridos sobre o tema, atendendo aspectos como a didáctica e a investigación, así como a narración de lendas relacionadas con mouros e mouras.

Todos aqueles que o desexen poden inscribirse de forma gratuíta, ata o vindeiro 16 de outubro, na páxina web [www.as-pg.com](http://www.as-pg.com) ou na [www.aelg.org](http://www.aelg.org) nunhas xornadas que contan coa homologación da Consellaría de Educación como un curso de 10 horas.

### Programa

19 de outubro, venres

17.00 h.- Acto de inauguración

17:15 h.- Conferencia: Mouros e mouras. Na procura de nós mesmos Rafael Quintía

18:30 h.- Conferencia: Mouros históricos e mouros míticos: dualidades e complementariedades Alexandre Parafita

De 20:00 a 21:00 h.- Mesa redonda: Imaxinarios compartidos, historias separadas Rafael Quintía e Alexandre Parafita  
Modera: Antonio Reigosa

20 de outubro, sábado

10:00 h.- Conferencia: Mouras e mulleres: as imaxes femininas na mitoloxía popular galega Mar Linares

11:30 h.- Conferencia: Os mouros e os seus tesouros no imaxinario popular asturiano Jesús Suárez López

De 13:00 a 14:00 h.- Mesa redonda: Mito e realidade: sexo e poder na cultura popular Mar Linares e Jesús Suárez López

Modera: Isidro Novo

16:30 a 18:30 Seminario de conclusións.

Unha sesión práctica na que -mediante o diálogo, a intervención e participación de relatores/as, asistentes e organizadores- se poñen en común os coñecementos adquiridos sobre o tema. Atenderanse aspectos como a didáctica e a investigación, así como a narración de lendas relacionadas con mouros e mouras

Moderan: Isidro Novo e Antonio Reigosa

V JORNADAS DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

# Os mouros e as mouras: maxicos enigmáticos da mitoloxía popular

19-20 outubro 2012

Salón de actos da  
Deputación de Lugo  
Rúa San Marcos, 4

Entrada de balde



**MATRÍCULA**

[www.as-pg.com](http://www.as-pg.com)  
ou [www.dulg.org](http://www.dulg.org)

**HOMOLOGACIÓN**

Solicítala á Comisión de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por 10 horas

**PREZOS**

Matricula gratuíta, preferente para socios da AS-PG e AELG

